



Un paseo pola Compostela literaria

MAPA

Literario

DE COMPOSTELA

Coa finalidade de descubrir algunhas das figuras da literatura compostelá xorde este xogo de pistas para para realizar *in situ* pola zona vella de Compostela. A actividade parte dunha premisa inicial que debemos solucionar, desta forma, as persoas que participen irán descubrindo unha nova maneira de ler a cidade, baixo a óptica de diferentes escritoras e os seus vínculos coa cidade.

Comezamos este xogo na Praza da Constitución.

Recomendacións e materiais precisos:

1. Este xogo está pensado para alumnado de secundaria, entre 12 e 16 anos, mais está aberto para todos os públicos.
2. Pode realizarse de forma individual ou en grupos.
3. Para participar necesítase un dispositivo dixital con acceso a internet.
4. Se non coñeces ben a cidade e precisas un rueiro para orientarte, podes solicitalo na Oficina de Turismo, situada na rúa do Vilar, 63.

Instrucións:

1. Estamos ante un xogo de pistas que se desenvolve polas rúas da cidade. Partimos dunha premisa inicial e debemos resolver todas as preguntas propostas para conseguir desvelar o misterio proposto na introdución da actividade.
2. Cada parada contén unha pista, a solución guiarate á seguinte parada.
3. O punto de partida é a Praza da Constitución. Unha vez aí, estás xa na primeira parada e comeza o xogo. Debes resolver a primeira pista e introducir o código descifrado na nosa web a través do QR que atoparás máis abaixo. Se respondes correctamente, avanzas á pista número 2 e así sucesivamente até resolver o xogo.
4. É importante ler os enunciados con calma e aínda que saibas a resposta, para un mellor aproveitamento, debes desprazarse até os puntos indicados da cidade. Lembra, que non só é unha actividade de preguntas e respostas, senón que serve para coñecer e vincular a cidade coa literatura.

O xogo:

Benvidos e benvidas a esta actividade na que percorreredes a cidade coa compañía de diferentes autoras e autores. Investigaredes sobre a súa vida, a vinculación que teñen con Compostela e a pegada que deixaron nas nosas rúas, prazas e edificios para poder resolver todos os enigmas que vos propoñemos. Segundo vaiades resolvendo as pistas, iredes conseguindo as claves para abrir unha caixa forte blindada, que conterà no seu interior? É o momento de comezar e conseguir o tesouro que se atopa na caixa forte! Preparadas e preparados? Imos alá!

Introduce as túas respostas na nosa web a través do seguinte QR, ou seguindo o link, e alí indicaranche cal é a localización da seguinte parada.



Parada 1:

- Eliximos a Praza da Constitución como a localización de primeira parada, onde vos presentar a primeira protagonista deste xogo: Xohana Torres, poeta, narradora e dramaturga natural de Compostela, que obtivo numerosos recoñecementos. O Concello de Santiago homenaxeouna poñendo o seu nome á Casa das Mulleres, un espazo de encontro, debate, intercambio de coñecementos e confluencia de accións para tecer redes entre mulleres, colectivos e entidades que loitan en prol da igualdade. Sabedes onde se atopa a Casa das Mulleres Xohana Torres? Teredes que ir até alí para responder a primeira pregunta.
- **Pregunta 1:** Nos arredores da Casa Xohana Torres, hai unha placa onde se indica o ano de inauguración da Casa. Restade, ao ano de inauguración, o ano de nacemento da autora e obteredes o código para desbloquear a primeira clave da caixa forte.

Parada 2:

- A seguinte parada é na Alameda e para ir alí, debes pasar pola rúa Eduardo Pondal, onde paramos un momento e aproveitamos para facer unha pequena mención ao poeta que compuxo “Os Pinos”. Sabiades que un fragmento deste poema constitúe a letra do Himno Galego? Ben seguro que si! E coñeces este outro poema do autor? É un chisco menos coñecido e di así:

Ese ramo que formé
de mirto y dalias vistosas
y de malvas olorosas
a ti te lo consagré.
Quiero que emisario sea
de mi ternura entretanto,
no corro a abrazarte que...
¡hoy es día de tu Santo!
Presente insignificante
para aquel que desconoce
que las flores son mi goce
y que las busco anhelante.
Pero tú, hermana querida,
así no te lo imaginas
pues conoces el valor
de esas flores ¡sin espinas!

- **Pregunta 2:** Este poema está dedicado á súa irmá falecida, Eduarda Pondal. En que ano faleceu Eduarda? Bule a introducir o novo código na caixa forte!

Parada 3:

- Continuamos camiñando rúa arriba en dirección á Alameda, onde falaremos da seguinte protagonista. Trátase dunha autora que, por certo, fai referencia a Eduarda no seu texto “Las literatas. Carta a Eduarda”. Sabes de quen estamos a falar? De Rosalía de Castro, claro. Neste texto, dedicado a Eduarda, aborda os prexuízos sociais que dificultan que as mulleres se dediquen á literatura. Na nosa cidade,

hai numerosas pegadas de Rosalía de Castro e na Alameda atopamos unha grande escultura na súa honra. Bule, precisas estar alí para poder responder a seguinte pregunta!

- **Pregunta 3:** Cando foi inaugurada esta escultura? Introduce os díxitos do día e o mes na caixa forte!

Parada 4:

- A Alameda está cargada de cultura, arte e tamén de literatura. Se botades un ollo ao voso redor poderedes atopar a escultura dun autor que dicía aquilo de “Chove en Santiago, meu doce amor”. Sabedes de quen estamos a falar? Buscádeo, está preto de Rosalía, el axudaravos a responder a seguinte pregunta.
- **Pregunta 4:** En que chanzo das escadas pousa o seu pé dereito? Comeza a contar desde abaixo.

Parada 5:

- Na Alameda hai moitas outras interesantes esculturas. Nós imos buscar agora a Isaac Díaz Pardo, a ver se sodes quen de atopalo. Queredes unha pista? Díaz Pardo tiña a vontade de preservar, fortalecer e reconstruír a cultura galega a través do deseño, a escritura e a edición, ademais de actuar como promotor e mecenas de diferentes proxectos. Tamén foi escritor e deixou ensaios sobre arte, economía e historia, para alén de cultivar a poesía e o teatro. Atentos e atentas: Despois de facer tantas cousas, estaba tan canso que tivo que sentar nun banco.
- **Pregunta 5:** Atopástelo? Xa estades xunto a Díaz Pardo? Sentade, sacade lapis e papel para sumar os tres anos que aparecen na súa placa identificativa. O resultado desa suma é o seguinte código que debedes introducir.

Parada 6:

- Agora que xa visitastes a Díaz Pardo, facédelle unha visita a Valle-Inclán, que vos está a observar desde non moi lonxe... Sentade con el no banco e botade unha ollada a ver se atopades os versos que escribiu moi preto de aí, comezan así: “Rosa mística...”
- **Pregunta 6:** Cantas palabras son as que compoñen o texto? Non contan as palabras do título nin o nome do propio autor.

Parada 7:

- Na nosa cidade tamén estivo Emilia Pardo Bazán, quen ten moi boas lembranzas de Compostela e en 1879 publica a súa primeira novela “Pascual López. Autobiografía de un estudante de medicina”, ambientada aquí:
- “¡Pase usted de esta facha sin ruborizarse ante aquella señora Minerva de la Universidad, que está siempre tan arregladita y tan limpia!”
- Neste fragmento da obra fai referencia a unha escultura de Minerva, deusa da sabedoría, que se atopaba na fachada da actual Facultade de Xeografía e Historia e que foi retirada de alí nas reformas de 1894, hoxe en día atópase na Facultade de Química.
- **Pregunta 7:** Minerva está acompañada dos xenios das ciencias, conta o número de figuras que a acompañan na fachada da Facultade de Química.

Parada 8:

- A escultura de Minerva presidía o edificio da actual Facultade de Xeografía e Historia, onde estudou outra das nosas escritoras compostelás, Concha Castroviejo. Aínda que naquela altura ese edificio acollía a Facultade de Filosofía e Letras.
- Concha Castroviejo foi escritora, xornalista e crítica literaria e garda unha grande relación con Santiago. Naceu aquí en 1910, onde estudou Filosofía e Letras. Aínda que pasou parte da súa vida no exilio, regresou a Galiza en 1949. En 1951

comezou a traballar no xornal compostelán *La Noche* até que en 1953 se muda a Madrid por traballo. Alí falece en 1995.

- **Pregunta 8:** Cantos anos tiña cando comezou a traballar en *La Noche*? Sumádelle ao resultado o número de chanzos que subía para entrar na facultade cando se formou en Filosofía e Letras. Pensemos que subía sempre polas escadas da parte frontal da fachada. O resultado é o último díxito que debeses incluír na caixa forte.
- **Pregunta final:** Como se chama a Praza na que vos atopades? Praza da... Introduce o nome e conseguiredes, por fin, abrir a caixa forte!





MAPA Literario
DE COMPOSTELA